

A REFINERÍA FORMA NAS SÚAS INSTALACIÓNS A ALUMNOS DO IES A SARDIÑEIRA

- **Os estudantes que pertencen ao 1º curso do Ciclo Superior de Química Industrial puideron aprender o funcionamento do Complexo Industrial e de todas as súas unidades.**
- **A finais do 2016, os alumnos volverán á refinería para recibir máis formación e aqueles que destaquen realizarán as súas prácticas de FCT (Formación en Centro de Trabajo) no Complexo.**

A Refinería de Repsol na Coruña formou durante tres semanas nas súas instalacións a preto de 20 alumnos do IES A Sardiñeira, dentro da colaboración que mantén co centro educativo para a formación e o desenvolvemento profesional dos estudantes que cursan o Ciclo Superior de Química Industrial.

Os alumnos que pertencen ao 1º curso do ciclo puideron aprender o funcionamento do complexo industrial e de todas as súas unidades, coñecendo de primeira man os traballos que realizan os empregados da refinería dentro da planta.

Grazas a esta formación os estudantes puideron ampliar os seus coñecementos para ser futuros profesionais en Química Industrial, que son os encargados de organizar e controlar a actividade nunha planta industrial, supervisar e controlar as distintas fases do proceso produtivo, así como o cumprimento das normas de calidade, seguridade e ambientais.

A finais do 2016 e co comezo do 2º curso de Química Industrial, os alumnos volverán á refinería outras tres semanas para recibir máis formación nas instalacións do complexo e aqueles que destaquen no seu rendemento realizarán no Complexo de Repsol as súas prácticas de FCT (Formación en Centro de Trabajo), necesarias para obtención do título.

A refinería e a Formación Profesional

Para Repsol é fundamental o papel da FP no desenvolvemento formativo e na inserción laboral dos mozos. Por esta razón, o complexo industrial da Coruña leva unha longa traxectoria de actuacións que apoian á Formación Profesional.

Desde o 2003 o Complexo Industrial de Repsol apoia a creación do Ciclo Superior de Industrias de Proceso Químico, na actualidade Ciclo Superior de Química Industrial e que se imparte unicamente no IES A Sardiñeira da Coruña.

Xunto á Xunta de Galicia, a refinería desenvolve o Programa de Formación Profesional Dual, un proxecto pioneiro na área da Coruña que permite aos alumnos do ciclo superior de Química Industrial do IES A Sardiñeira, combinar a súa aprendizaxe no centro educativo con formación e prácticas remuneradas no complexo industrial, que reforzan a súa preparación e melloran a súa empregabilidade.

Por último no 2011, creouse xunto a Fundación Repsol o Programa de Bolsas para alumnos de distintas especialidades técnicas de FP pertencentes aos concellos da Coruña e Arteixo. Estas bolsas que se entregan cada ano son compatibles con outras outorgadas pola Administración.